

## ACTA REUNIÓN C.O.C.

### 13 de febreiro de 2025

Sendo ás 10:40 horas do xoves, 13 de febreiro de 2025, reúnese a Comisión Organizadora do Congreso Local da Bola, coa asistencia das seguintes persoas, quedando constituída como tal:

PRESIDENTE:	Don Miguel Ángel Viso Diéguez.
VICEPRESIDENTA:	Dona Cristina Isabel Romero Fernández.
SECRETARIO:	Don Francisco Fernández Padín.
VOGAIS:	Don Alejandro Pérez Martínez. Dona Adriana Álvarez Delgado.

Pasando a tratar os puntos que seguen:

#### **1.- Aprobación do censo definitivo de afiliados/as do Partido Popular da Bola.**

Preséntase polo presidente desta comisión a listaxe de afiliados/as do Partido Popular da Bola pechada a data de 28 de xaneiro de 2025, segundo o establecido no artigo 5º do Regulamento do Congreso Local Ordinario e que ascende a un número de 379 persoas.

Quedando aprobado por unanimidade dos presentes este punto da orde do día.

#### **2.- Proclamación dos/as candidatos/as á presidencia do PP da Bola:**

O artigo número 6 do Regulamento do Congreso Local do Partido Popular da Bola, establece:

*Poderán ser candidatos/as á Presidencia Local do Partido Popular A Bola, todos/as os/as afiliados/as do Partido*



Popular en A Bola que se atopen ao corrente no pagamento das súas cotas, que non se atopen suspendidos de afiliación e que cumpran co resto das obrigas estatutarias. Ademais, será necesario ter unha antigüidade mínima como afiliado/a de 12 meses.

Para ser proclamado candidato/a á Presidencia Local do Partido, o/a candidato/a deberá ser avalado, alo menos, por 5 afiliados/as que se atopen ao corrente de pagamento das cotas, segundo o establecido no artigo 5.3 do presente Regulamento. (Artigos 20.5, 10.4. e 3.6 R.M.C.).

Os avais terán que formalizarse no modelo oficial que a tal efecto elaborará a Comisión Organizadora e estarán a disposición dos/as afiliados/as a partir da convocatoria do Congreso Local.

A presentación da candidatura á Presidencia Local deberá formalizarse diante da Comisión Organizadora, non máis tarde das 20.00 horas do día 12 de febreiro de 2025. (Artigo 21.b. R.M.C.).

Rematado o prazo para presentar a candidatura á Presidencia Local, a Comisión Organizadora, unha vez comprobado que as candidaturas presentadas reúnen os requisitos esixidos e verificada a validez dos avais, procederá a proclamar aos/ás candidatos/as e a convocar a campaña electoral interna.

Presentáronse diante desta comisión organizadora as candidaturas que seguen:

Primeira e única: Encabezada por dona María Teresa Barge Bello e apoiada por 23 afiliados/as do Partido Popular de Ourense.

Esta Comisión Organizadora do Congreso Local do Partido Popular da Bola,

**ACORDA** por unanimidade:

Proclamar candidata única á presidencia local do Partido Popular da Bola a dona María Teresa Barge Bello e dar por convocada a campaña electoral interna que se desenvolverá desde ás 00:00 horas do 14 de febreiro de 2025 e ás 24:00 horas do 23 de febreiro de 2025.

### 3.- Lugar de celebración do Congreso e Horario do mesmo.

Tal e como se establece no artigo do Regulamento do Congreso Extraordinario do Partido Popular da Bola:

*De conformidade co establecido nos vixentes Estatutos do Partido Popular e no Regulamento Marco de Congresos (en adiante, R.M.C), mediante Acordo adoptado polo Comité Executivo Provincial na súa reunión de data 28 de xaneiro de 2025, convócase a celebración do Congreso local do Partido Popular da Bola, que terá lugar o día 4 de abril de 2025, na Bola.*

*O horario, así como a programación concreta do Congreso, serán elaborados pola Comisión Organizadora. e serán publicadas na páxina web do Partido Popular de Ourense á maior brevidade posible.*

Esta Comisión Organizadora **ACORDA**, por unanimidade dos seus membros que este **congreso local se desenvolva no “Edificio Multiusos de Cacabelos”**, Cacabelos, Bola (A), <https://maps.app.goo.gl/8mgZi4weeqHpfpho8>.

#### **O horario oficial de desenvolvemento do Congreso, será:**

- 19:00 Constitución do Congreso Local, proposta e votación da Mesa do Congreso
- 19.05 Aprobación do Regulamento do Congreso Local do Partido Popular da Bola e votación.
- 19:10 Lectura da acta de proclamación da candidatura. Intervención da candidata, Teresa Barge Bello.
- 19.25 VOTACIÓN E ESCRUTINIO
- 19:55 Comunicación de resultados e proclamación da candidatura electa

#### CLAUSURA

Intervención da PRESIDENTA ELECTA DO PARTIDO POPULAR DA BOLA, TERESA BARGE BELLO.

Intervención do PRESIDENTE DO PARTIDO POPULAR DE OURENSE, LUIS MENOR PÉREZ.